



Servizos Sociais

Esta crise sanitaria do COVID19 está deixando en evidencia moitas cousas. Unhas das máis relevantes é o tocante á sanidade. Agora estamos pagando o erro de retallar e esnaquizar este pilar fundamental da sociedade. Esperamos e exixiremos que unha das consecuencias desta crise sexa un reforzamento en persoal e recursos do sistema sanitario así como un maior investimento en investigación.

Outro dos elementos que se está revelando como fundamental nesta crise son os Servizos Sociais. Convertéronse, xunto co persoal sanitario, na primeira liña da loita nesta crise, uns no eido sanitario e outros no eido social, asistindo non só á xente que xa o necesitaba se non tamén dando cobertura a toda a xente que comeza a pasalo mal.

O esforzo das traballadoras sociais é ímprobo, as veces sobrehumana. Non só deben recibir o noso apoio anímico se non que debemos coidar delas pero sobre todo darlles os recursos e o persoal necesarios para facer o seu labor.

O goberno municipal de Mos vén de anunciar recentemente unha reformulación do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra para contratar a 19 traballadores/as.

Dende o BNG de Mos nesta liña establecida polo goberno municipal propomos o seguinte:

- Que deses 19 traballadoras/es que se pretenden contratar unha parte sexa para os Servizos Sociais.
- Coordinarse cos Servizos Sociais de Mos para estipular que necesidades de persoal son necesarias no departamento nestes momentos da crise do COVID19.
- Recuperar a figura da educadora social dentro do departamento de Servizos sociais.
- Que os contratos sexan cando menos ata finais de ano e cunhas condicións salariais e laborais dignas.

Gustavo Barcia Seijo
Portavoz Municipal do BNG de Mos